

Estabamos tan felices e contentos no colexio coas nosas rutinas de sempre e, de súpeto, todo se volveu patas arriba e, coma se dun vento furacanado se tratase, deron a volta completa todos os nosos plans.

A partires do 14 de marzo entramos nunha dinámica nova e completamente descoñecida á que tivemos que facerlle fronte aprendendo sobre a marcha: os nenos e nenas quedaron sen colexio, os pais e nais tornáronse en docentes, os mestres e mestras tivemos que dar clases sen alumnado e, todo isto, coa mobilidade reducida e co estado de ánimo afectado pola situación.

Durante todo este período, enfrontarse ás tarefas escolares e ás circunstancias persoais e familiares que nos puideron afectar foi un labor difícil e complicado.

Agora que todo parece que se vai encamiñando e que rematamos o curso, quero **DAR AS GRAZAS** a todos e todas:

Aos **ALUMNOS E ALUMNAS**, por seguiren traballando sen desfalecer.

Aos **PAIS E NAIS**, por converterse nos nosos substitutos e substitutas e asumir ese traballo extra.

Aos meus **COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS**, por reinventarse cada día, adaptarse á nova rutina de xeito autodidacta e sacar adiante o traballo con tanta profesionalidade a pesares da complicación que supuxo.

Ao **COORDINADOR TIC**, que asumiu unha extraordinaria sobrecarga de traballo para revisar e organizar as tarefas semanais e poñelas no cadro organizativo da Web.

**A TODOS E TODAS** os que co voso alento, comentarios e paciencia nos empuxastes a saír adiante e aos que, coas vosas críticas, nos axudastes a mellorar.

De momento non sabemos nada de como se vai enfrontar o novo curso. Cando teñamos instrucións ao respecto publicarémolas na Web.

**UNHA APERTA PARA TODOS E TODAS!**

**ATA O DEZ DE SETEMBRO!**